

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:

A actividade do CGAI

Autor/es:

Coira, Xosé

Citar como:

Coira, X. (1991). A actividade do CGAI. Vértigo. Revista de cine. (1):41-43.

Documento descargado de:

<http://hdl.handle.net/10251/42901>

Copyright: Todos los derechos reservados.

Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



A ACTIVIDADE DO C. G. A. I.

por Xosé Coira Nieto
(Director do CGAI)

O pasado mes de marzo presentouse ó público o Centro Galego de Artes da Imaxe, organismo dependente da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Xuventude. Desde entón, a suá sede, en locais cedidos polo concello da Coruña, acolle diversas actividades dirixidas ás persoas que en Galicia, dun xeito ou doutro, aman as artes da imaxe: o cine, o vídeo e a fotografía.


Actividades regulares

A sala de proxeccións do CGAI, activa en días laborais, ven ofrecendo produción de moi diverso signo, co rasgo común de non frecuentar os principais vehículos de difusión- salas cinematográficas, vídeo-clubs, emisoras de televisión. Máis dunha ducia de producións galegas, en vídeo e cine, foron presentadas no CGAI ata o día de hoxe, alternadas con ciclos sobre autores, nacionalidades, temas de hoxe e de onte.

Por exemplo, no momento en que escribo estas liñas, estánse pasando curtametraxes realizadas por Griffith entre os anos 1908 e 1913; seguiralle unha ampla mostra de cine alemán actual e unha exhibición de diaporamas realizado polo grupo coruñés O ollo de vidro. E dicir, a oferta programada nesta sala pretende ser tan heteroxénea, tan plural, coma o propio medio no que traballamos.

A máis da sala de proxeccións, o CGAI conta na súa sede cunha biblioteca e unha sala de visionado especializadas nas artes da imaxe. Confiamos en que no prazo máis breve posible ambas dependencias, que conforman o servizo de consulta do Centro, poidan ser abertas ó público, para o seu libre uso por investigadores, estudantes e afeccionados.

Aínda que xa leva producidas dúas exposicións - **Bicos de cine**, do pintor



Programa de
UN VIAJE POR GALICIA (1929)

CGAI

CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE

Logotipo CEGAI

Manuel Moldes, e **Carteis de cine**, cartelismo cinematográfico en Galicia desde 1973 ata hoxe - que xa foron vistas en diversas poboacións galegas, o CGAI iniciará de inmediato - probablemente antes de que estas liñas vexan a luz - o seu programa de exposicións, contando coa colaboración do Concello da Coruña para o uso da súa sala na rúa Durán Loriga. Fotografía de onte e de hoxe, galega e de fóra de Galicia, así coma exposicións temáticas sobre as artes da imaxe, serán o obxecto da programación do CGAI, unha actividade que se pretende continuada e de disfrute

ó longo de todo o territorio galego.

E tamén inminente a aparición das primeiras publicacións do CGAI, entre elas, **Documentos para unha historia do cine en Galicia, 1970-1990**, escrito por Manuel Gonzáles recollendo de xeito exhaustivo os datos que conforman o feito cinematográfico contemporáneo galego. Este libro será o arranque dun servizo de publicacións, que inclúe monografías, catálogos e unha revista semestral, co que o Centro pretende engrosar-lo magro panorama das publicacións sobre o audiovisual en Galicia, no que, por certo, **Vértigo**

haberá de ser moi benvido.

Un servizo de préstamos, orientado fundamentalmente a entidades culturais e públicas, será posto en marcha nos primeiros meses do ano 92. Daquela quedarán a disposición de ditas entidades os materiais con que conta o CGAI para a difusión do audiovisual galego - tódalas producións en vídeo e cine subvencionadas pola Consellería de Cultura son depositadas no Centro - e das artes da imaxe en xeral.

Por último, dentro do apartado de actividades regulares do CGAI cóntase



Sala de visionado



Biblioteca

o traballo de información e promoción do sector profesional galego. O Centro recibe constantemente información sobre actividades e iniciativas que se levan a cabo fóra de Galicia, así como consultas do exterior sobre o noso panorama audiovisual. Estas informacións remítense a tódolos posibles interesados, contituíndose así o CGAI en ffo de comunicación ata agora inexistente.

Actividades especiais.

En decembre de 1990, meses antes da súa inauguración oficial, o CGAI acolleu un seminario sobre marketing audiovisual, dirixido ós produtores galegos e impartido por Ray Atkinson, distribuidor londinense, e Rita Boey, responsable de comercialización dunha pequena produtora belga. Aquel seminario, organizado conxuntamente coa Organización Europea para un Mercado Audiovisual Independiente (Euro Aim), foi o primeiro dunha serie de encontros realizados que o CGAI ven apreciando.

En abril pasado reuníronse no Centro uns cincuenta responsables de asociacións culturais, museos, bibliotecas, concellos, etc., para coñecer algo máis sobre a difícil tarefa da recupera-

ción do patrimonio audiovisual, das vellas fotografías e imaxes animadas que informan o noso pasado e que veñen carecendo da atención precisa.

As xornadas sobre medidas europeas de fomento do audiovisual, coorganizadas coa Asociación de Productoras de Cine e Vídeo de Galicia, o cursiño de guiñón cinematográfico impartido por Juan Antonio Porto, froito da colaboración do CGAI coa Escola de Imaxe e Son, e o cursiño de catalogación de materiais especiais para bibliotecarios, realizado no Centro polo Servicio de Bibliotecas da Dirección Xeral de Cultura, son os restantes exemplos de actividades especiais do CGAI, e da súa vocación para colaborar coas entidades e as persoas cunha vontade común á nosa a prol da imaxe en Galicia.

Recuperación.

A inauguración do CGAI, o 15 de marzo de 1991, foi tamén a data de presentación ó público, logo de sesenta anos de obscuridade, da longametraxe documental UN VIAJE POR GALICIA. Esta película, financiada en 1929 polas catro deputacións galegas para presentar Galicia na Exposición Iberoamericana de Sevilla daquel ano, recolle

o maior volume de imaxes animadas sobre a nosa comunidade antes da Guerra Civil.

UN VIAJE POR GALICIA foi recuperada gracias á colaboración entre o CGAI e maila Filmoteca Española, e supuxo un privilexiado punto de partida para o que pretende se-la exhaustiva recuperación do noso patrimonio audiovisual. Nos meses transcurridos desde a súa re-estrea, para a que se encargou a composición dunha música de acompañamento, interpretada en vivo durante a proxección, realizáronse achádegos de considerable importancia, e xa comenza a ser longa a relación de depósitos e cesións por particulares e entidades de antigas imaxes sobre Galicia, así coma trebellos, carteis, etc.

Todo este material sométese, desde a súa localización, a un lento e traballoso proceso de restauración, que irá dando como resultado un mellor coñecemento e unha axeitada conservación - nas dependencias especialmente deseñadas a tal fin nos locais do CGAI- do noso patrimonio audiovisual, dunha notable parte da nosa memoria.

Xoxé Coira Nieto